

ÓRBITA

I.E.S. RIBEIRA DO LOURO

NÚMERO 3 XUÑO 2001

WWW.LANZADERA.COM/RIBEIRA

EDITORIAL

Esa máquina devoradora de libros

Ó ler este título seguramente algunha xente pensará nunha persoa, pero non é isto ó que eu me refiro, eu quería falar do ordenador, ese diabólico aparato que segundo certos alarmistas acabará en breve co noso tan querido libro de papel e cartón substituíndoo, sen dúbida ningunha, por un aséptico texto na pantalla dun ordenador. Esta crise existencial non é nova na historia recente da humanidade (lembramos cando apareceron os CDs e comezou unha auténtica febre por acabar cos vinilos, pero estes seguen existindo ou o que deberon sentir cando apareceu o papel). Isto non ten ningún sentido pois é soamente un novo formato máis cómodo, barato e con máis capacidade de difusión que os actuais libros editados de forma convencional. O problema aquí é que hai demasiadas editoriais que teñen intereses no asunto, que temen perder o seu negocio coa competencia das novas editoriais por Internet. Estas editoriais que actualmente teñen o monopolio do negocio dos libros que move millóns de pesetas ó ano, ven ameazadas as súas ganancias e responden atacando ó libro dixital como se fose o demo que fose acabar co libro tradicional, pero nós, lectores, debemos estar por enriba destes intereses e ler como máis nos guste e libros de calidade que é o que realmente importa.

Daniel de Bernardo Roca. 4º ESO-B

🌐 EDITORIAL	1
🌐 NOVAS	2
<i>Desprazamentos do alumnado do IES Ribeira do Louro</i>	
<i>Lendo a Marilar Aleixandre</i>	
<i>Correlingua 2001. Non fiques coa Lingua de fora.</i>	
<i>Unha viaxe a Barcelona</i>	
🌐 TEMA DO MES	4
<i>Ponte... Nas Ondas</i>	
<i>Opinión sobre Ponte Nas Ondas 2001 Ano Europeo das Linguas.</i>	
<i>Letras Galegas 2001. Eladio Rodríguez González.</i>	
<i>Día do Libro.</i>	
<i>O Arabe no noso Instituto</i>	
🌐 NA REDE	8
🌐 CREACIÓN LITERARIA	10
<i>Unha receita Máxica para un mundo mellor</i>	
<i>Un aniversario Especial</i>	
🌐 CAMINADAS	11
<i>As Ribeiras do Louro</i>	
🌐 SABIAS QUE...	12
<i>Toponimia</i>	

DESPRAZAMENTOS DO ALUMNADO IES RIBEIRA DO LOURO ANO 2000

O noso instituto está a desenvolver durante todo este curso programas de mobilidade do alumnado patrocinado pola Comunidade Europea que forma parte dos programas europeos do ensino.

Os programas desenvolvidos no centro están destinados ó alumnado dos ciclos formativos. Estes programas posibilitan que as alumnas e alumnos poidan facer as prácticas de formación en empresas dos países da Unión Europea.

O programa desenvolvido chámase "Leonardo da Vinci". Con el preténdese coñecer a formación profesional europea e posibilitar a longo prazo a mobilidade dos traballadores a nivel europeo. Tamén outros dos obxectivos é mellorar as competencias lingüísticas.

Gracias a este programa os alumnos do módulo de granito están a facer prácticas dende o 21 de maio ó 16 de xuño nos seguintes países: dous alumnos en Alemaña, tres en Dinamarca e outros tres en Portugal.

Tamén dentro do programa "Leonardo" o alumnado de Comercio Internacional fixo as súas prácticas dende abril ata maio nos seguintes países: cinco alumnos estiveron en Irlanda, tres en Malta e outros cinco no Reino Unido.

Coma nós formamos parte do programa europeo tamén recibimos alumnado de Alemaña, Dinamarca e Suecia que tamén fixeron as súas prácticas nas empresas da zona. Todos estes están relacionados co sector da pedra.

A Xunta de Galicia tamén ofrece programas de mobilidade do alumnado de Formación Profesional a nivel internacional. Os obxectivos son os mesmos cós programas europeos. Gracias a este programa cinco alumnas de Comercio Internacional están a facer as prácticas de formación en empresas dos Estados Unidos de América, no estado de Utah. Estas alumnas levan nese país dende o 19 de abril e rematan o 6 de xuño. Nós recibiremos tamén alumnado norteamericano..

LENDO A MARILAR ALEIXANDRE

Este ano visitounos **Marilar Aleixandre**, escritora famosa e profesora de bioloxía na Universidade de Santiago. Obsequiounos cunha conferencia moi amena na que ademais de falar dalgúns dos seus libros, contou varios contos, informou sobre diversos concursos (relacionados con escribir contos), e respondeu ás nosas preguntas ou cuestións.

Comentou que estaba traballando nun novo libro (**Ribeiras do Louro**), e que este se achegaba moito ó noso entorno. Trátase dun relato que fala dos problemas existentes na zona das ribeiras do río Louro, contado dende o punto de vista dun paxaro. En canto ó libro de "**A expedición do Pacífico**" (historia dunha rapaza que se embarca nun barco que se dirixe ó Amazonas, disfrazada de home), estaba inspirado polas mulleres aventureiras de antes, que se vestían coma homes e así poder embarcar. A idea xurdiu cando un día mentres ordeaba un dos laboratorios nos que traballaba, atopou uns obxectos pouco comúns, e descubriu que eran da mesma "Expedición do Pacífico". Cando falou sobre o libro de "**A banda sen futuro**" (trata dunha rapaza de 16, que conta a difícil etapa que vive ó ter que cambiar de cidade (e de instituto), e ter que "cortar o pelo ó cero", xusto na idade dos amorios), escribiu este libro porque quería deixar un pouco as aventuras e facer algunha novela. Deste modo tamén puido explorar o mundo da adolescencia. A inspiración apareceu pola propia experiencia, pois con 8 anos tivo que "rapá-lo" cabelo a causa dun eccema. Ó mesmo tempo mudou de cidade, de costumes, de escola, de amigos...

Pablo Teijeira e Victoria Valebona. 3ºEso A

*Para a revista Órbita, afirmando que as ribeiras do Louro sigan albergando os picapeixes e plantas insectívoras no futuro
Touren, abril 2001*

CORRELINGUA 2001- NON FIQUES COA LINGUA DE FÓRA

O pasado martes día 8 de maio de 2001 os alumnos e as alumnas de 1º de E.S.O. saímos do IES Ribeira do Louro cara a Ponteareas, onde se ía celebrar o CORRELINGUA 2001, ao que acudimos cos nosos slogans feitos os días anteriores.

Xa en Ponteareas, dirixímonos a unha especie de auditorio ao aire libre, onde nos colocaron uns dorsais cun número co que logo participaríamos no sorteo dalgúns agasallos, e percorrímos durante uns minutos algunhas das rúas da vila.

Ao regresar ao auditorio disfrutamos das actuacións doutros colexios e institutos da zona, que nos deleitaron con diversas pezas musicais galegas, acompañadas polas súas voces e instrumentos coma as gaitas e as pandeiretas.

Tamén actuaron despois dous pallasos de Redondela, que moito nos fixeron rir cos seus chistes sobre as dimensións do nariz dun alumno do noso instituto, e cos seus monicreques.

A continuación, repartiron os agasallos entre todos os colexios, e o noso non saíu mal parado.

Por último, leuse en forma de poema un manifesto no que quedaba ben claro o motivo da nosa saída: falar, escribir, e sobre todo respectar o noso idioma, o galego.

Aurora Ballesteros Fernández 1º ESO B.

UNHA VIAXE A BARCELONA

A viaxe comezou o domingo 31 de marzo ás 7:30 da mañá ,facendo varias paradas no camiño, chegando a Barcelona ás 11:00 da noite . Xa no hotel nos deron as habitacións, aquilo parecía increíble pero alí en Cambrils comezaba unha nova aventura e experiencia que ía durar sete maravillosos días.

Os sete días estaban planeados da seguinte maneira:

O 1º foi a viaxe de ida a Salou.

Os 2º e o 3º fomos a " Port Aventura", aquilo foi como percorrer case todo o mundo en pequeno , e, en tan só dous días. Había de todo, dende tendas, restaurantes, atraccións... etc , do que máis disfrutamos foron das atraccións valorando o "Dragon Khan" e a "Stampida" como as mellores. Poderíase dicir que é como vivir nun paraíso dous días.

O 4º día fomos visitar o centro da cidade, dende o autobús e cunha guía vimos todo con moito detalle, a "Sagrada Familia", o "Parque Güell" de Gaudí, as Ramblas, o porto...etc . Xa nas aforas de Barcelona en Montjuic vimos o estadio Olímpico donde se celebraron as Olimpíadas no ano 1992, e ademais é hoxe en día o campo de fútbol do Espanyol de Barcelona. Isto todo foi o que máis nos chamou a atención e se podería dicir que son as partes máis visitadas e mellor consideradas. É unha cidade que está moi ben. Pola tarde tivemos libre para ver o que quixeramos e facer o que nos apetecera.

O 5º día collemos como destino Tarragona, que é unha cidade romana, coas súas murallas, coa súa historia, Barrio xudeu ,Anfiteatro.... isto todo pola mañá e pola tarde a broncearnos un pouco na praia de Salou. Alí vimos como algúns dos poucos valentes se deron un baño nas augas frías do mar Mediterráneo .

O 6º xa se ían achegando os días para volver ,o que non nos gustaba nada. Ese día estivemos no hotel a disfrutar das súas instalacións, nun plan tranquilo e relaxado xa que o día seguinte comezaba...

Sendo o 7º día a nosa viaxe de regreso, saímos do hotel ás 7:30 da mañá, fixemos unha parada en Zaragoza para coñecer a Basílica do Pilar, e seguimos o camiño ata chegar outra vez á normalidade, é dicir, ao instituto, e alí estaban os nosos familiares esperando a nosa chegada .

Poderíamos resumir esta viaxe como algo inolvidable e con ganas de vivilo moitas máis veces: dámosvos un consello , se tedes a oportunidade de vivir esta experiencia facédeo, xa veredes que é algo "fantástico.

Natalia e Verónica. 4º ESO-A

PONTE... NAS ONDAS!

Como vén sendo habitual nos últimos sete anos, por estas datas lévase a cabo unha bonita experiencia radiofónica que se chama PONTE...NAS ONDAS! e como non podía ser menos, nesta edición, o noso instituto tamén contribuíu na súa elaboración.

Por se alguén anda perdido, imos contarvos un pouco en que consiste PONTE...NAS ONDAS!. Este programa xurdiu hai sete anos no sur de Galicia e norte de Portugal con motivo da inauguración dunha ponte sobre o Miño. Ao principio comezou como unha pequena experiencia pero na súa última edición participaron en total 45 centros educativos, e non só de Galicia e Portugal, senón tamén do estranxeiro. Nesta sétima edición escolleuse como tema a ruta dos escravos. Aos centros participantes pareceunos que a declaración feita pola UNESCO do "2001, ano para o diálogo entre civilizacións", era un bo motivo para levar a cabo a nosa experiencia radiofónica. Era unha boa ocasión para que os alumnos dos centros participantes reflexionasen e expresasen as súas opinións e preocupacións sobre as consecuencias da escravitude.

Ao equipo de radio do noso instituto ocorréusenos a idea de crear un programa sobre a escravitude infantil. Como saberedes, miles de nenos do mundo son obrigados a traballar duramente e son privados dos dereitos que todo neno debe ter. A nós pareceunos tema bastante importante que merecía todo o noso interese. E por iso puxémonos a traballar duro e elaboramos un programa que chamamos "Rompendo as cadeas". Con isto o que verdadeiramente intentamos é poñer en coñecemento de todo o mundo cal é a situación de moitos nenos no mundo. Buscando información e redactando o programa sorprendíannos moitas das cousas tan aberrantes que liamos. A través deste traballo, descubrimos moitas inxustizas que ignorabamos,

E despois de moito traballo, por fin o 4 de maio chegou o momento de dar a cara, en sentido figurado, claro, porque o que realmente dabamos era a voz. Aínda que tentamos manter en marcha unha emisora de radio no instituto, non somos profesionais do medio e polo tanto, os nervios fixéronse notar pouco antes de estar no aire. Sempre se di que "nada de nervios", pero cando un está diante do micrófono, algo comeza a moverse no estómago. ademais, este ano, existía un motivo máis para termos nervios, posto que unha profesional de radio como Gemma Nierga ía conectar con nós durante a emisión do programa.

Goretti e Carlos

OPINIÓN SOBRE PONTE NAS ONDAS:

A experiencia de Ponte nas Ondas foi unha das cousas máis interesantes que me sucederon. Ademais é unha experiencia que teño moitas ganas de repetir, pois despois de falar se che queda unha sensación interior estraña, como de benestar e satisfacción e esa situación teño ganas de volvela a experimentar.

É moi divertido ve-las caras dos compañeiros momentos antes de empezar a falar, nese intre parece como se nos viñera grande o micrófono, porque un pouco nerviosos, en xeral, estabamos todos. Sobre todo cando chamou Gemma Nierga notouse no ambiente como houbo un punto máis de nerviosismo.

Co tema deste ano, "**A Rota dos Escravos**", e as entrevistas que fixemos, dinme de conta que hai moita xente pasándoo mal a costa dos que compramos produtos pertencentes ás grandes marcas como: Adidas, Nike, Reebok,... Tamén temos que darnos de conta do privilexiados que somos ó ter todo o que temos: unha casa(ou máis), un teito co que cubrírnos, comida a que queiramos, non sempre comemos o mesmo, unha cama, o privilexio de ter unha educación, unhas leis de protección hacia os nenos e sobre todo uns pais que nos subministran o necesario sen que teñamos que traballar ata unha certa idade, cousas que moitas veces non apreciamos pero que as temos constantemente diante de nós. E conveniente que non pensemos só en nós e nos paremos a ver a situación do resto do mundo e sobre todo a do 3º Mundo que é o máis prexudicado.



O que máis me gustou de "Ponte nas Ondas" foi ver esa unión entre todos os alumnos, os encargados da radio, os profesores á hora de facer os programas de radio cun tema central: a escravitude. Tamén estou contento do interese posto por tódolos membros do grupo de radio do instituto á hora de realizar o programa de radio: "**Rompendo as Cadeas**".

Josué

2001 ANO EUROPEO DAS LINGUAS

¿Que é?

Está organizado pola Unión Europea e polo consello de Europa. Co Ano Europeo das Linguas preténdese celebrar a diversidade lingüística europea e favorecer o ensino e a aprendizaxe doutras linguas. Están incluídas todas as linguas que se falan en Europa, xa que cada unha delas é un elemento importante dentro da cultura europea e de grande importancia tamén cara o futuro.

¿Que ocorrerá durante este ano?

Hai unha chea de actividades nas que de todo tipo de xente pode participar: haberá un sitio en Internet www.euolang2001.org, que ofrece información sobre o Ano Europeo das Linguas e onde se propoñen numerosas actividades. Realizarase tamén unha campaña informativa sobre o Ano, a través de publicacións, revistas, radiodifusións, exposicións e manifestacións; realizaranse tamén concursos de ámbito europeo.

¿Cando comeza?

Practicamente todo o ano 2001 estará dedicado ás linguas. En Febreiro terá lugar en Suecia a Manifestación de apertura, e en decembro a de clausura. Durante o resto do ano publicaranse guías e consellos para os que aprenden un idioma, dedicarase unha semana especial para adultos que aprenden un idioma e establecerase tamén un día europeo das linguas que será o 26 de setembro de 2001.

¿A quen vai dirixido? ¿que hai que facer para participar?

Todo o mundo pode participar, está dirixido a todo tipo de público. A mellor maneira de participar é comezar a aprender unha lingua estranxeira ou mellorar outra que xa coñecemos. Tamén se pode participar nas manifestacións e actividades que se

propoñan, coñecer xente doutros países e organizar calquera actividade... O que se quere é favorecer o contacto de culturas e de linguas para que se resolvan pouco a pouco os problemas de comunicación que supuña falar con xente doutros países europeos.

Enderezos de utilidade:

www.euolang2001.org

- Comisión Europea:

Dirección Xeral de Educación e Cultura. Unidad de "Política de Linguas" (B4). Rue de la Loi 200. Despacho B-7

B-1049 Bruselas. Correo electrónico: info-2001@cec.eu.int

FAX:+32 2 299 6321

<http://europa.eu.int/comm/education/laguages/fr/index.html>

- Consello de Europa:

División de linguas vivas. Dirección de educación y de enseñanza superior F-67006 STRASBOURG cedex.

FAX: +33 3 88 41 27 06 / + 33 3 88 41 27 88. Correo electrónico: decs-lang@coe.int

<http://culture.coe.int/lang>

<http://culture.coe.int/AEL2001EYL>

- Centro Europeo de Linguas Vivas:

4 Nikolai Platz. A-8010 GRAZ

FAX:+43 316 32 21 57. Correo electrónico: information@ecml.at

<http://www.ecml.at>

<http://culture.coe.int/ecml>

¿Quen organiza o ano Europeo nos distintos estados?

Cada país participante elixiu un órgano estatal de coordinación que ten como misións: informar ao público e responder as súas preguntas; organizar actos e actividades; establecer puntos de contacto e de información; favorecer a través dos medios de comunicación a difusión das actividades

LETRAS GALEGAS 2001 ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

A Real Academia Galega homenaxea no ano 2001 a un dos seus membros, Eladio Rodríguez González, quen nos legou unha das obras máis valiosas da lexicografía galega do século XX.

Nacera o 24 de xullo de 1864 na parroquia de San Clodio no concello de Leiro, en pleno corazón do Ribeiro ourensán. Fillo dunha humilde familia de labradores, carecía dos medios necesarios para satisfacer a súa afección literaria que xa amosou dende moi novo, como testemuñan diversas colaboracións en distintas publicacións aló polo 1886. A súa andaina como colaborador en *O Tío Marcos d'a Portela* comezou daquela.

Cando só contaba vintetrés anos marchou a vivir á cidade da Coruña, onde finaría o 14 de abril de 1949. Alí traballou dende 1888 como funcionario escribán do concello ata que se xubilou o 31 de agosto de 1937 como Oficial Maior Honorario da Secretaría municipal, título co que o honrou o concello tras case medio século de servicio ininterrompido.

Ó pouco tempo de chegar á cidade herculina entrou a formar parte da redacción do diario coruñés *La Mañana*, e máis tarde pasou a *El Noroeste*, do que foi redactor-xefe de redacción moitos anos e logo director. Á fronte deste xornal dirixiu dous importantes suplementos: o coñecido *Nós*. "Páxinas gallegas do diario da Cruña *El Noroeste*" e *¡Terra a nosa!*. Foi tamén un dos fundadores da Asociación de Prensa da Coruña, creada en 1904. No ano 1905 o diario madrileño *ABC* nomeouno o seu correspondente.

Dende moi novo amosou unha forte vocación poética, como poñen de manifesto as súas numerosas colaboracións nas revistas da época e nos certames poéticos nos que participou. Neles foron premiadas algunhas das súas composicións. Froito desta actividade conservamos tres libros de poemas da súa autoría *Folerpas*, *Raza e Terra* e *Oraciós campesiñas*.

Paralelamente a estas actividades tamén desenvolveu un importante labor cultural como membro da redacción da *Revista Gallega* (editada entre 1895 e 1907), entrou a formar parte da Liga Gallega aló no 1897, foi un dos membros da Cova Céltica, formou parte da Irmandade da Fala en 1916 e no 1905 foi un dos membros fundadores da Real Academia Galega.

Nesta institución desenvolveu o cargo de secretario dende o 31 de agosto de 1920, baixo as presidencias de Murguía, Martínez Salazar e Ponte Blanco. O 20 de novembro de 1926 foi designado el mesmo como presidente, cargo ó que fivo que renunciar no 1934 por motivos de saúde.

Como membro da Real Academia Galega foi o encargado de responderlle ó discurso de ingreso feito por Ramón Cabanillas no 1920. Ámbolos dous textos foron recollidos no libro do mesmo nome *A saudade nos poetas gallegos*.

Anos despois, no acto celebrado o 30 de novembro de 1926, tamén foi el quen respondeu ó discurso de ingreso na mesma institución de Fernando Martínez Morás, fillo de Martínez Salazar, titulado *La toponimia gallega*, que foi publicado anos máis tarde pola Asociación Iniciadora e Protectora da Academia.

Entre as súas actividades dentro desta institución cóntanse ademais as diversas colaboracións da súa autoría recollidas no *Boletín da Real Academia Galega*: "Don Andrés Martínez Salazar", "Tierra gallega para un panteón gallego en Buenos Aires", "Letras de duelo". D. José Iglesias Roura", "Comarcas gallegas. El "Ribeiro" de Avia", "Don Eugenio Carré Aldao", "El primer centenario de D. Manuel Murguía", "Letras de duelo. D. José García Acuña", son algúns dos seus artigos.

A todas estas tarefas temos que sumarlle a elaboración dun gran diccionario galego-castelán no que estivo traballando ó longo de toda a súa vida e que o autor non puido ver editado, pois aínda que xestionara en diversas ocasións a súa publicación esta non callou ata uns anos despois do seu pasamento.

A obra que hoxe coñecemos como *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* foi publicada pola editorial Galaxia entre os anos 1958 e 1961 a partir dos milleiros de cuartillas que Julio Rodríguez Yordi lle entregou ós guieiros de Galaxia para a súa publicación trala morte do seu pai.

A historia editorial do diccionario

Os tres volumes que constitúen este diccionario non recollen o orixinal completo da obra. Esta debeu ser recortada polos editores, pois o esforzo económico, aínda co financiamento do Centro Galego de Caracas, era enorme no momento histórico no que se realizou. Esta escolma realizada por Ramón Piñeiro vese claramente nas riscaduras que figuran nas cuartillas orixinais conservadas na Fundación Penzol, pero tamén se observa na extensión das voces ó longo dos distintos volumes, de xeito que no primeiro unicamente se abrangue as letras A-C, e a extensión das entradas é moito maior que nos restantes volumes, onde decrece progresivamente. Doutra banda, debemos advertir que a demanda dunha obra en galego destas características era daquela reducida, polo que a súa edición suporía un esforzo editorial sen precedentes. Efectivamente a demanda foi pouca a pesar da súa extraordinaria calidade, pois só se fixo unha nova impresión da obra nos anos oitenta. Tamén é certo que a partir deste material editouse o *Diccionario gallego-castelán e vocabulario castelán-galego* de X. L. Franco Grande, que si tivo unha amplísima difusión.

DIA DO LIBRO

Co gallo do día do libro, o seminario de Lingua Española organizou unha serie de actividades no instituto, que imos reseñar de seguido:

O alumnado de 1º e 2º de E.S.O. fixo uns carteis animando a ler e en colaboración co seminario de Plástica, outros sobre os libros lidos este curso na clase.

A xente de 3º, 4º e 1º de Bacharelato deseñaron marcapáxinas que foron expostos tamén na entrada do centro.

E, por último, na biblioteca, ambientada con debuxos axeitados ó tema, unha exposición con libros infantís e xuvenís de interese: Manolito Gafotas, Harry Potter, Astérix, e outros.

O ARABE NO NOSO INSTITUTO


No noso instituto hai escolarizados varios alumnos e alumnas árabes. No horario diúrno están dous irmáns marroquís, Zahira e Cherkaqui, e Hakim, un mozo saharai. Pola tarde asisten 6 ou 7 alumnos ao curso de alfabetización de inmigrantes impartido polo profesorado da E:P:A:

O texto que segue escribiuno Zahira Serkouh, alumna de ESO-2º D. Fixémoslle coa súa axuda unha tradución:

Gústame o meu país, Marrocos, todo o que ten. Teño moita familia e moi boa. Tamén teño moitos amigos e amigas alí. Estudiei no instituto. Os profesores son moi bos, eles aprendéronme moitas cousas e preocupáanse dos seus alumnos. Os nenos que viven lonxe quedan a comer no colexio. Alí os nenos pórtanse ben cos seus profesores, respéctanos. Estudian francés, matemáticas, tecnoloxía, educación física, relixión musulmna, árabe, plástica, historia e ciencias naturais.

Vivía nunha cidade que se chama FQIH-ben-SALAH. Ten moitas tendas que venden roupa moi barata e moi bonita. Hai moitas zapaterías con zapatos moi variados e de moitas cores. Todos os días hai un mercado con postos de roupa, ao aire libre e tamén ten tendas onde venden zapatos, teas, ouro, e persoas que fan vestidos.

Eu vin a España coa miña familia porque meu pai necesitaba traballar e agora traballa en Portugal.



أحب بلادتي لأن كل شيء فيها يجعلني
أحبها، يعطيني فيما الترابط لها كل
وأبمالاتي فيها الكثير من الأصدقاء
أما عن الجانب التعليمي فهو في أملي
مستوي لأن الأهل التعليمي مؤدي
معتما على أكل وجه، فالأستاذة
يحسنون معاملة التلميذ ويقومونه
يقدمون له التمتعة أما القواد التي
يدرر معنا في اللغة العربية + اللغة
للفرسة. الرياضيات. مادة التربية
الاسلامية. الاحصائيات. مادة العلوم
الطبيعية. العلوم الفيزياء. أعمال
اسكن في سبته قراحتي معي سياخيه كبيرة
أصحت في سبته ووجدتها كل شيء
ورخص الثمن أما عن جيلتي إلى منا
لأن أسير لقرتجد في المغرب معه تأسيه
مرحله إسبانيا حقا من عمل يصمن به مستقبله

NA REDE

<http://www.fempres.cl>
<http://www.nosotras.com>
<http://www.intermon.com>
<http://www.unesco.org>

buscadores

<http://www.google.com>
<http://es-gl.altavista.com/>

UNHA RECEITA MÁXICA PARA UN MUNDO MELLOR

Hoxe coma todos os venres a unha e cuarto, Tomás atópase na clase de lingua galega, cando a profesora di:
 -Para o luns quero que me fagades unha redacción ben feita sobre, "O mundo perfecto".
 -Cando Tomás chegou á súa casa púxose a pensar como podería facer esa redacción, pero quedou durmido, enriba da mesa e...

-¡Boas tardes!- dixo un home.
 -¡Ola!- díxolle unha muller a Tomás
 -¡Vai un día fermoso! ¿non si?
 -E así todo o mundo que pasaban uns por outros. A verdade é que, esa si era unha boa maneira de comezar o día.
 Tomás seguiu andando e, de repente un avión empezou a tirar bombas recheas de chocolate. Continuou e atopouse a unha nena que lle dixo:
 -¡Ola!- chámome Teresa, ¿e ti?
 -Chámome Tomás. ¿Podes dicir onde me atopo?
 -Non es de aquí ¿verdade? Este é "un mundo mellor".
 -¿Un mundo mellor? ¿que é iso?
 -Vén, ensínareiche unha parte deste mundo. Se te fixas, aquí non hai edificios nin rañaceos, todo son casas individuais e non contaminan nada.
 Só utilizamos envases de cartón, que se fabricaron hai unha chea de anos, agora esa fábrica xa non existe. ¿Ves por que?, a fábrica atopábase aí.

Unha parella está no parque comendo pipas. De súpeto chega un atracador e bérralles:
 -¡As pelás!
 -Non, se che parece ímolos comer con casca

-Pero, ese coche, ¿que leva no teito?
 -Son paneis solares, é así como funcionan e non é un atraso xa que así os días de chuvia non hai accidentes e o máis importante, non contaminan.
 -¿Pódesme explicar unha cousa?
 -Si, como non.
 -¿Por que a xente se saúda? ¿todo o mundo se coñece?
 -Non, é que a xente é moi amable.
 ¡Hola! -díxolle Teresa a unha señora que pasaba.
 -E agora dirasme que no instituto non facedes exames.
 -¿Como o adiviñaches?
 Tomás, Tomás, desperta fillo que tes que facer os deberes.
 -Xa vou mamá, xa vou.
 -Tomás empezou a escribir o que soñara. O luns seguinte no colexio...
 -A mellor redacción é a de Tomás- dixo a mestra
 -¡Ben Tomás!
 -Moi ben , Tomás! ¡Enhoraboa!...

Patricia Ramos. 2º ESO-D



UN ANIVERSARIO ESPECIAL

Ese día recordo que ía moita calor. Era o 24 de abril, o meu aniversario. Fun a clase, e por sorte non se cumpriu o refrán que di “en abril, augas mil”. Porque como ese día fixera mal tempo sería para min o peor día do ano.

As clases que máis esforzo requiren, todas xuntas nun só día. Ben algunha razón tiña para alegrar un pouco a cara; pola tarde convidaría ao meu aniversario ás miñas amigas.

A mañá ía transcorrendo. Pasou inglés, exame. Pasou francés, repaso. Pasou galego, exercicios. Recreo. Pasou castelán, lectura. Pasou sociais, traballo de clase. Pasou natu, exercicios. E por fin, despois de cinco horas de esforzo, soou o timbre.

Coma sempre, estaba disposta a ir co meu pai no coche para casa, pero ese día non veu meu pai. Tiven que coller o autobús.

Cheguei á casa e miña nai xa tiña feita a comida. Ó acabar de comer díxome:

-Bea, hoxe é o teu aniversario e eu non vou a estar. Tes a tarta na neveira. Hai pasteis e patatillas e todas esas trapalladas que vos gustan. Deixei uns globos na túa habitación. Adeus.

Eu xa o sabía porque teño a manía de rebuscar por tódolos armarios da casa.

Despois de xantar preparei todo, puxen a mesa cos bocadillos e inchei os globos. Eran as tres e media cando soou o timbre; era Adriana. Volveu soar; eran Paula e Aurora. Ben, non eramos moitas. Pensamos que viría o resto e estivemos falando e rindo moito tempo mentras esperabamos.

O reloxo deu as seis da tarde, e entón empezamos a comer, porque non criamos que o resto das nosas amigas viñeran xa. Acabamos empachadas. Con moito esforzo cada unha un pequeno pedazo de tarta. Fomos dar unha volta polo Porriño para non estar todo o día na casa. Aurora, Paula e mais eu non coñecemos algunhas estradas, tendas e edificios por onde fomos, pero Adriana sabía ben por onde andaba e ensinábanos algunhas cousas de por alí. Fomos dar a volta xunto a piscina e baixamos polos “edificios do Sol” ata voltarmos. Estabamos cansas de tan longo percorrido e sentámonos. Falamos e rimos ata que nos aburrimos.

Xa non sabíamos o que facer. Esgotáranse nos tódalas ideas de que facer nunha tarde de aniversario.

Entón oímos o timbre. Era moi raro, porque a miña nai non voltaría da súa visita ata as dez e eran as oito. Levantámonos as catro e abrimos a porta. Non había ninguén e baixamos ata o portal.

Abrimos a porta do portal. Asustámonos un pouco porque o que vimos foi unha gran caixa, a máis grande que víamos e que veríamos na nosa vida. Media uns 3 metros de longo, 4 de ancho e de

alto tamén uns 3 metros. Notábase que xa a abriran por riba.

Eu dixen en alto:

-¿Que virá dentro?

E de súpeto, cada lado da caixa caíuse para abaixo deixando ver a dous mozos. Quedámonos de pedra. A todas nos rondaba pola cabeza a mesma pregunta: “¿Que facían diante de nós, o día do meu aniversario, a esa hora e saídos dunha caixa os dous mozos de Estopa?”

Sen dúbida eran eles, porque dous rapaces coma eles non se confunden facilmente. David preguntou:

-¿Quen é a que está de cumpleaños?

Eu quedara sen fala e tiven que levantar a man.

-Pois felicidades.

-Gracias- dixo Aurora. Todos miramos para ela e botámonos a rir. Estabamos emocionadas.

¿Que íamos facer agora?

-¿Onde está a tarta?

-Arriba.

E subimos para casa. Comemos de novo uns anacos e logo eles comezaron a cantar as súas cancións máis famosas e nós acompañábalos.

O reloxo marcaba as nove e les dixeron que xa se tiñan que ir. Pero antes de deixalos marchar sacámonos un montón de fotos e asinaron autógrafos ata rebentar. Saimos fóra para despedirnos deles. Aínda estabamos co corazón a mil por hora.

Ás nove e media comezaron a vir a recollelas a elas. Primeiro veu a nai de Aurora e logo a de Paula. A Adriana deixárona quedar a durmir na miña casa.

Cando miña nai chegou deulle as gracias. Pero cando lle dixen o de que me gustara moito que Estopa viñeran quedouse extrañada. Díxome que ela non chamara a ningures para que viñeran.

Adriana e mais eu baixamos ó portal onde estaba a caixa e vimos que no fondo da caixa poñía: “Felicidades Susana” e outra dirección parecida pero que non era a miña. Sen dúbida equivocáranse de casa pero iso non importaba.

Subimos para a casa e fómonos a durmir.

Estivemos ata altas horas da noite falando do acontecido ese día, cando por fin, moi cansas, conseguimos durmirmos.

Ó día seguinte contámoslle a nosa aventura ó resto da clase. Algúns non nos creron pero, cando viron as fotos, quedaron coa a boca aberta.

Foi o día máis feliz da miña vida.

Beatriz Mariño Fernández. 1º ESO-B

AS RIBEIRAS DO LOURO

PERCORRIDO:

continuaremos pola estrada que se dirixe ó recinto das Festas de San Campio, onde comenzaremos a nosa andaina polas Ribeiras do Louro. Desembocaremos nas chamadas Barreiras (antigas explotacións minerais, que co tempo foron converténdose en refuxio de moitos animais) unha vez aquí comezaremos o regreso pola estrada que nos levará de novo ó recinto das Festas de San Campio e voltaremos de novo á Finca da Cordelera.

A VEXETACIÓN:

É un dos maiores atractivos desta ruta, xa que, poderemos contemplar especies típicas dos bosques de ribeira, como carballos (*Quercus robur*) algúns de gran tamaño, bidueiros (*Betula pendula*), amieiros (*Alnus glutinosa*), chopos (*Populus alba*), freixos (fresno, *Fraxinus excelsior*) e outras...

Por outra banda, poderemos contemplar especies que non son vistas tan frecuentemente, como son as especies típicas das lagoas. Deste tipo poderemos atopar o nenúfar (*Nymphaea alba*), a espadana ou palla real (*Typha latifolia*), os xuncos (*Juncus sp.*), o xunco do algodón (*Eriophorum angustifolium*), ou mesmo unha planta insectívora como é a Robella (*Drosera rotundifolia*), ...

A FAUNA:

Tamén é de gran interese por esta zona, se cadra, máis que a vexetación, o problema é que a súa localización é moito máis complicada, o ideal é camiñar só.


Saíndo dende a Finca da Cordelera, tomaremos o camiño que transcorre entre o río Louro e a vía do tren, que nos levará dende o matadeiro ata Riego. Unha vez alí,

Aínda así, cun pouco de sorte, poderemos contemplar algunha especie, xa que esta zona ten unha grande riqueza faunística, en especial no tocante ás aves, das que aparecen especies como a garza real, o ánade real, a cerceta (de especial interese, xa que, as Gándaras é o seu único lugar de

cría habitual en toda a Península Ibérica), a pita de auga, a focha, o martiño peixeiro (martín pescador) ave fermosísima de cores azuis e amarelas moi vivas, aínda que a súa poboación é moi reducida.

En canto ós mamíferos que podemos atopar, están as nutrias, os visóns (que fuxindo das granxas, foron chegando ata as Ribeiras do Louro), os esquíos (ultimamente en gran número nesta zona, gracias ás repoboacións que se teñen feito), os raposos e mesmo os xabaris.

Outro grupo salientable é o dos insectos, que aínda que ás veces non resultan moi simpáticos, podemos atopar infinidade de formas e cores, que ás veces chegan a ser abraiantes, coma é o caso de algunhas libeliñas e bolboretas. É conveniente ir prestándolle atención a estes animalíños, que ó mellor non sempre son tan asquerosos.



¿SABÍAS QUE...falar por teléfono pode danar as costas?

Adoptar posturas incorrectas mentres se fala por teléfono causa doenzas en pescozo, úmero e antebrazo. Estas doenzas increméntanse en persoas que traballan en oficinas e pasan polo menos dúas horas diarias pegadas ao auricular e ao teclado do ordenador.

...o 47% dos españois fala outro idioma?


Unha porcentaxe relativamente baixa se temos en conta o 80% daneses ou suecos, e case o 100% dos luxemburgueses. A enquisa realizada pola comisión europea sitúa a Gran Bretaña á cola cun 33% de falantes dunha segunda lingua.

...os enfermos prefiren médicas?

Segundo o estudio de Ana Delgado, especialista en medicina preventiva, os enfermos prefiren que o médico que os trate sexa unha muller, sobre todo en atención primaria. As consultas de médicas duran máis xa que hai máis comunicación e preocupación polos factores emocionais.

...os colectores de recollida de vidro van cumprir 20 anos.

Dende 1982 os españois adquirimos conciencia cívica ata lograr que se recicle o 40% do vidro utilizado. Pero aínda nos queda moito para alcanzar ós suízos que reciclan o 93% deste material.



TOPONIMIA

A xente sempre quixo saber por que se chamaba así o sitio onde vive e fixo mil e un intentos para darlle unha solución ao significado do lugar.

Imos mencionar aquí algunhas interpretacións que a xente fai popularmente dos nomes das súas localidades. Son interpretacións falsas pero non exentas de fantasía e humor.

De cando os mouros andaron por Galicia

Xa hai moitos anos, os árabes dominaron case toda a Península Ibérica e mesmo ata Galicia. Hai moitas lendas sobre eles, porque se pensaba que sabían facer encantamentos e que fixeran moitos.?

Cando chegaron ao concello de Salceda de Caselas entraron nunha aldea e roubaron mulleres. Había alí dúas mozas moi bonitas e moi loiras e o mouro quixo facer un troco.

-“Te cambio estas por un par de rubias”- propúxolle ao seu xefe.

Fixose o cambio e a aquela parroquia desde entón quedoulle Parderrubias.

O nome de Parderrubias posiblemente teña a súa orixe no sintagma *pedras rubias* ou *paredes rubias*.

Problemas de casamento

Contan que había unha vez no Castelo do Castro un conde moi rico e poderoso e que tiña por iso moita sona nos lugares veciños e en todo o país. Tanta riqueza e poder causaban a admiración de todos e por iso outro conde, tamén rico e nobre, mandou un mensaxeiro para pedirlle a man da súa filla. ¡Pero alí había tres condeseñas casadeiras!

Cando o señor do Castro escoitou o mensaxeiro, preguntoulle:

-O conde quere casar coa miña filla, si, pero ¿con cal delas?

E por iso a xente empezoulle a chamar Caldelas a aquela terra.

Caldelas é un diminutivo de *caldas*, augas naturais quentes

